

REGULAMENTO A MEDIA DO CAMIÑO 2026



ORGANIZACIÓN

A Asociación Cultural e Deportiva Ka-torce organiza a primeira edición de **A Media do Camiño**, un evento deportivo que contará cunha media maratón, unha carreira de 10 km e unha andaina de 10 km. As cales que terán lugar o domingo **25 de outubro de 2026**.

A proba desenvolverase no concello de **Laza**, seguindo principalmente o trazado do Camiño de Santiago - Vía da Prata.

A inscrición na proba implica a aceptación íntegra deste regulamento. En caso de dúbida na súa interpretación prevalecerá sempre o criterio da Organización.

MODALIDADES

A Media do Camiño contará coas seguintes modalidades:

- **Media Maratón** (21 km aprox.), competitiva.
- **Carreira** (11 km aprox.), competitiva.
- **Andaina** (11 km aprox.), non competitiva.

OS PERCORRIDOS

A Media do Camiño contará con dous percorridos que discorrerán arredor do Camiño de Santiago - Vía da Prata:

- **Media maratón**, cunha distancia aproximada de **21 Km**.
- **Percorrido de 11 km**, que poderá realizarse en modalidade de carreira ou andaina.

Ambos os percorridos combinarán pistas de terra e tramos asfaltados, sendo maioritario o tránsito por camiños de terra. Recoméndase o uso de calzado apto para ambos terreos.

Os trazados estarán completamente sinalizados e contarán con persoal da organización nos principais cruces e puntos de control.

Ao tratarse de percorridos que discorren polo Camiño de Santiago, os participantes deberán respectar en todo momento a presenza de peregrinos e demais usuarios, atendendo ás indicacións da organización e extremando a precaución nos puntos de convivencia.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas que teñan cumpridos **16 anos** o día da celebración da proba.

Os menores de idade deberán presentar unha autorización asinada pola nai, pai ou titor legal no momento da recollida do dorsal.

Non estará permitida a participación baixo os efectos do alcol ou de substancias estupefacientes.

INSCRICIÓNS

As inscricións a media maratón e carreira realizaranse exclusivamente a través da plataforma Sportmaniacs. A andaina contará a maiores con un punto presencial de inscrición.

O prezo das inscricións seguirá o seguinte esquema:

Media maratón e carreira:

- **Prazo ordinario:** ata o 15 de setembro 22€
- **2ª prazo:** desde o 15 de setembro ata o 5 de outubro, 25€
- **Prazo extraordinario:** dende o 5 ata o 19 de outubro, 30€

A andaina terá un precio de 10€

A organización reservará un número de dorsais para compromisos institucionais, patrocinadores ou necesidades organizativas, así como o dereito de admisión.

Unha vez formalizada a inscrición, non se devolverá o importe aboado salvo nos supostos recollidos na política de devolucións da organización ou en caso de suspensión da proba por causas imputables á mesma.

As persoas menores de idade que participen na proba deberán contar coa correspondente autorización do seu pai, nai ou titor/a legal. O modelo de autorización poderá descargarse xunto co resto da documentación oficial da carreira e deberá presentarse debidamente cuberto e asinado na recollida do dorsal.

CAMBIOS DE TITULARIDADE

Por motivos legais, deportivos e de seguridade, non está permitida a cesión nin a venda de dorsais entre particulares.

O cambio de titularidade só poderá solicitarse pola persoa inscrita contactando coa organización antes do **15 de outubro de 2026**, achegando toda a documentación requirida.

A participación cun dorsal correspondente a outra persoa suporá a inmediata retirada da proba ou a anulación da inscrición.

CRONOMETRAXE

As modalidades competitivas estarán cronometradas mediante un sistema electrónico de chip por medio de alfombras, a cargo da empresa Saudeter. A andaina non terá carácter competitivo nin clasificación oficial.

O dorsal, o cal xa leva intergrado o chip, será facilitado pola organización e deberá utilizarse durante toda a competición seguindo as indicacións da empresa de cronometraxe.

AVITUALLAMENTOS

A organización establecerá distintos puntos de avituallamento líquido para o percorrido de 10 Km, e líquido e sólido para o percorrido de 21 Km. Estarán situados nos lugares que a organización considere máis adecuados.

Na zona de meta haberá un avituallamento final para todos os participantes.

COMPROMISO CO MEDIO

A Media do Camiño discorre por un espazo natural e patrimonial de especial valor.

Todos os participantes comprométese a respectar o entorno, non abandonando residuos ao longo do percorrido.

As botellas, envases e demais desperdicios deberán depositarse nas zonas habilitadas pola organización, especialmente nos avituallamentos.

O incumprimento desta norma poderá supoñer a descualificación da proba.

BOLSA DO CORREDOR

Todos os participantes recibirán unha bolsa do corredor composta, entre outros elementos, por unha camiseta oficial da proba e diversos produtos facilitados polos patrocinadores e entidades colaboradoras.

CATEGORÍAS E PREMIOS

Estableceranse as seguintes categorías para as modalidades de carreira de 11 km e 21 km:

- **Sénior:** de 16 a 39 anos cumpridos no día da proba.
- **Máster 1:** de 40 a 54 anos cumpridos no día da proba.
- **Máster 2:** de 55 anos en diante.

Entregaranse trofeos ás seguintes clasificacións, tanto en categoría **masculina** como **feminina**:

- **Clasificación xeral absoluta:** 1º, 2º e 3º clasificado nas distancias de **11 km** e **21 km**.
- **Categorías por idade:** 1º clasificado/a Sénior, Máster 1 e Máster 2 nas distancias de **11 km** e **21 km**.

Os premios **non serán acumulables**. Polo tanto, as persoas premiadas na clasificación xeral absoluta non optarán aos premios da súa categoría por idade, que recaerán no seguinte participante clasificado desa categoría.

A organización poderá establecer premios especiais ou recoñecementos adicionais.

SERVIZOS AO PARTICIPANTE

A organización porá a disposición dos participantes:

- Gardarroupa no lugar de saída e meta.
- Duchas e vestiarios no Pavillón Municipal de Laza.
- Servizo médico.
- Avituallamentos durante e ao remate da proba.

TEMPO LÍMITE

O tempo máximo para completar as probas de carreira será de **3 horas para a proba de 21Km** e de **2h para a proba de 11Km** desde a saída oficial.

A partir dese momento retiraranse os dispositivos de seguridade e control, continuando o participante baixo a súa exclusiva responsabilidade.

RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais entregaranse os seguintes días en cada localización:

- Sábado, 24 de outubro, de 17.30h a 20.30h en Castrelo do Val (dirección por confirmar)
- Domingo, 25 de outubro, a partir das 08.30h (Praza da Picota, Laza)

Será obrigatorio presentar:

- DNI ou documento oficial acreditativo.
- Xustificante da inscrición, se fose requirido.

Para recoller o dorsal doutra persoa será necesario presentar unha autorización e copia do seu documento identificativo.

SEGURIDADE

A proba contará cos servizos sanitarios regulamentarios, ambulancias e persoal de emerxencias.

A organización poderá retirar da competición aqueles participantes que presenten síntomas de esgotamento, lesión ou calquera circunstancia que poña en risco a súa integridade física ou a do resto de participantes.

RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán presentarse verbalmente ante o Director de Carreira no prazo máximo de **30 minutos** desde a publicación oficial dos resultados.

A decisión da organización será definitiva.

RESPONSABILIDADE

Cada participante toma parte na proba baixo a súa exclusiva responsabilidade.

Ao formalizar a inscrición declara:

- Estar fisicamente preparado para afrontar unha media maratón.
- Ter realizado os controis médicos que considera oportunos.
- Coñecer e aceptar os riscos inherentes á práctica deportiva.

A organización, patrocinadores e entidades colaboradoras non serán responsables das lesións, accidentes, perdas, roubos ou danos que poidan sufrir ou ocasionar os participantes durante o desenvolvemento da proba.

PROTECCIÓN DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE

A inscrición na proba implica a autorización para que a organización poida utilizar o nome, apelidos, clasificación deportiva e as fotografías ou gravacións realizadas durante o evento para fins informativos, promocionais e de difusión da carreira en medios de comunicación, páxina web, redes sociais e outros soportes propios ou das entidades colaboradoras, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición na media maratón **A Media do Camiño** supón a aceptación íntegra do presente regulamento.

Todo o non previsto neste documento será resolto pola Organización, cuxas decisións serán inapelables.